

IES CANIDO

INVENTA UNHA FLOR

CANIDO 2014



INVENTA
UNHA
FLOR

I
E
S
C
A
N
I
D
O

HISTORIA DE 5 DÍAS

Se non recordo mal, esta rara historia comeza un luns. Ai! Aquela semana pasaron moitas cousas. Fillos, a continuación contareivos a miña historia.

LUNS , 18 DE MARZO

Estaba eu tranquila á sombra dun castiñeiro, cando viñeron xunta miña dúas amábeis e amigables nenas chamadas Alba e Andrea. De súpeto, apareceu unha serpe, comezou a reptar ao meu carón con cara maléfica e díxome:

- Como esas nenas non se marchen axiña, fago que desaparezas.

Alba e Andrea axudáronme a expulsar aquela maléfica serpe do meu carón.

MARTES , 19 DE MARZO

Aquel día non pasou nada en especial, o único que pasou foi un señor vello que ía cun carro cheo de cousas en dirección á vila chamada Varela.

MÉRCORES , 20 DE MARZO

Amaba a aquel neno, Alexandre, aínda me emociono cando recordo que este fermoso neno estaba falando comigo das súas notas na escola, cando se súpeto apareceu un malvado cabaleiro. Correu cara el, cravoulle un coitelo e aforcouno e dixo:

- Por fin o matei!

Aquel estraño señor tiña acento alemán e un pouco de desequilibrio mental, porque a seu carón ía un neno pequeno que eu supuxen que era o seu fillo. O malvado cabaleiro colleu as roupas de Alexandre e vestiu ao seu pobre fillo, traumatizado por ter visto ao seu pai asasinar a un neno.


XOVES , 21 DE MARZO

Este foi o mellor día de todos. Unha nena chamada Natalia veu xunta miña, baixo a sombra daquel castiñeiro no que me encontraba. Sentou a meu carón e comezou a lerme un conto sobre dúas nenas que encontraron unha margarida ferida e curaron.

VENRES , 22 DE MARZO

Maxicamente, ao meu lado naceu un precioso xasmín chamado Manuel, do que me namorei, co que me casei e que agora é o voso pai.

Un detalle que esquecín contar para que a persoa que lea esta fermosa historia lle encuentre un pouco de sentido: Chámome Ravala e son unha flor.



Paula Cobo Menéndez, 2º ESO - B

A ARSENIA

Xulio e Carme eran amigos dende moi pequenos. Pero cada día estaban máis namorados o un do outro. Un día, mentres paseaban polo bosque, Carme viu unha póla bastante rara entre un montón, polo que pensou que se trataba de algo especial. Cando Carme tocou aquela póla, de súpeto moveuse, e decatouse de que era unha serpe que lle trabou na man. Aos poucos segundos viu que o seu corpo ía quedando adormecido, os seus ollos apagábanse pouco a pouco...

Tempo despois Carme abría os ollos lentamente. Estaba na padiola dun hospital. Alí estaba tamén Xulio, mirándoa fixamente, xunto a un home que non coñecía.

-Levo dous días esperando a que espertaras, non podía imaxinar que te perdera

...

-Que me pasou?

-A serpe traboute, pero leveite a tempo ao hospital. Non hai antídoto para o veneno desa serpe, pero busquei e busquei e atopei a este boticario -dixo entón serio, presentándolle ao acompañante, que explicou:

-A única forma de salvarte é dádoche unha infusión de arsenia, unha flor que hai nunha illa preto da costa de aquí. Para iso teño que rachar os pétalos da flor, para que do seu pole se poida facer a infusión. Pouca xente coñece esta flor, debido a que ten esta calidade tan especial, e ao ser pequena ninguén a valora -dixo, mentres entraba na sala e miraba para os dous.

O buraco da ferida de Carme estaba moi irritado. Quedáballe pouco tempo para salvarse.

-É unha viaxe perigosa - aclarou o boticario.

Xulio foi cara a illa en balsa, pero nun momento se afundiou e tivo que nadar ata a costa. Cando chegou á illa viu que onde debería estar o campo de arsenias, había unha atracción e un centro comercial en construción, as esperanzas de Xulio esnaquizáronse. Ao instante botouse a chorar... O amor da súa vida... Non o podía axudar...



O ALCADOR

Normalmente un conto comezaría por "isto era unha vez" ou "hai moito tempo" e outras frases semellantes, pero como iso xa estará moi visto e non se me ocorre ningún comezo orixinal, sinxelamente comecarei sen máis.

No verán pasado, os meus pais, meu irmán, os seus amigos e mais eu, fomos á praia. Facía bo tempo e, en Galiza, o sol hai que aproveitalo. Levamos cubos de praia, pas e outras cousas que non lembro; sen embargo, aborreciámonos. Meu irmán tivo a idea de xogar a buscar o tesouro. Eu non tiña nada mellor que facer e eles parecían aborrecidos, así que xoguei con eles. Eu estaba máis que seguro de que non iamos encontrar ningún tesouro, pero eles estaban tan entusiasmados que comencei a buscar na area.

Xa levaba tempo cavando sen resultados, e estaba a piques de abandonar o xogo, cando as miñas mans notaron algo sólido. Emocionado, escarvei máis rápido aínda, ata deixar o obxecto ao descuberto. Cando o contemplei mellor, vin que era un cofre de madeira con incrustacións de diamantes, rubís e esmeraldas. Intentei abri-lo, pero estaba pechado. Tiña unha pechadura por onde meter a chave para abri-lo; pero, por desgraza, a chave non estaba xunto ao cofre. De súpeto, un dos amigos do meu irmán gritou:

-Mirade, atopei unha chave dourada!

Entón comencei a correr cara a el, e estaba tan ilusionado que lla arrinquei das mans, volví a toda presa ao cofre, e inmediatamente metín a chave na pechadura e xireina.

Ao abrir o cofre vin claramente que non era un tesouro o que contiña, se non un mapa onde poñía:

"Quen atope este mapa, será quen desvele o segredo do alcador. Para iso, deberá percorrer os tres labirintos do Alcador."

Cando o acabei de ler, o primeiro que pensei foi: "Que raio é o Alcador?!"

No mapa tamén se vía con perfecta claridade unha praia cunha cova no extremo

dereito. Entón levantei a cabeza e mirei nesa dirección. Alí había unha cova igualiña que a do mapa. Foi nese momento cando reaccionei.

-Estou na praia do mapa! Iso significa que estou a un tiro de pedra do tesouro!

Ilusioneime e comecei a correr cara á cova. No medio do camiño, decateime de que alí dentro estaba moi escuro, así que volví e lle pedín unha lanterna ao meu pai. Continuei a aventura cara a cova. Busquei pistas ou algo fora do normal, e encontrei unhas escaleiras que chegaban a un labirinto subterráneo de pedra. Sentínme atraído pola aventura e baixei ao labirinto número un. Percorrín moito traxecto e levome moito tempo, pero ao final din coa saída.

A saída, en realidade, eran máis escaleiras que ían a outro labirinto máis abaixo que o anterior, ao número dous.

Este labirinto non era para nada parecido ao número un, xa que este era de cristal e confundía a vista, o que dificultaba moito chegar ao final. Custoume o dobre de tempo chegar á saída do labirinto número dous, pero, a pesar de todo, conseguino. Cando cheguei alí, había, como non, máis escaleiras para ir ao labirinto número tres.

Este estaba feito de ouro e era o último labirinto que se opoñía a min. No final estaría o tesouro do alcador.

Naquel preciso instante lembrei que xa era hora de volver coa miña familia. Estarían preocupados por min, e aínda tiña que acabar os deberes e limpar o meu cuarto. Aínda así, decidín continuar.

Como era o último labirinto, supuxen que era o máis difícil e decidín pensar unha estratexia. O plan era ir tocando a parede como referencia, para atopar antes o final. Sorprendentemente, levome moito menos que os números un e dous.

De súpeto, unha luz brillante que se reflectía no ouro, chegou aos meus ollos. Estaba moi cerca, presentíao. Púxenme moi contento e alegre. Por fin chegara. De feito estaba tan contento que fun correndo e esvarei.

Cando me levantei, vin a orixe da luz brillante.

Contemplei con admiración unha flor azul celeste, que destacaba no dourado do arredor.

Era a flor mais bonita que vira na miña vida.

Nese momento comprendín o tesouro do Alcador. Foi entón cando comezou a

Brillar máis e máis e máis, ata que todo se vía branco.


Foise apagando e comecei a ver con mais claridade.

Estaba na miña cama e xa volvía á realidade.

"*Toda esta historia foi un soño*", pensei eu.

Pero, quen sabe! Ao mellor, puido ser algo máis ca un soño marabilloso...

Martín Otero Ferreira, 1º ESO - A



AS FLORES DO MEU XARDÍN

O meu nome é Natalia, actualmente teño 12 anos pero esta historia que vos relatarei a continuación ocorreu hai tempo no meu xardín.

Daquela eu tiña 4 anos e un verán por diante para encher de trasnadas para matar o aborrecemento. A primeira falcatruada que se me pasou pola cabeza foi plantar unhas flores. Miña avoa axudoume e entre as dúas plantamos doce sementes de tulipáns. Pasadas unhas semanas as flores comezaron a saír e como eu era pouco orixinal para os nomes púxenlles ás tres azuis "azuliñas", ás catro amarelas "amareliñas", ás catro alaranxadas "laranxiñas", e á última que era de cor violeta púxenlle "Lala" porque eu aseguraba que a escoitara cantar.

Un día de relax matutino eu fun ao xardín para ver as miñas flores. Lala estaba cantando e o resto comezou a facerlle os coros. Parecía que o arboredo espertara para escoitar aquel melodioso canto. Ao cabo dun tempo, Lala, como era tan vaidosa, non quería facer máis que solos, por iso decidiu non volver a cantar. Co paso dos días parecía que o bosque se apagaba cada vez máis pois ás outras non querían cantar soas.

Eu xa estaba cansa desta situación polo que decidín falar con Lala. A flor é unha túzara, mais a pesar disto a min a teimuda non me gana ninguén e por iso despois de dúas horas e media conseguín convencela. Dende aquel día respirase a felicidade no ar por escoitalas cantar.

Natalia Silva Fernández, 1º ESO - A



FIGORÍO

Entre uns arbustos atopei,
unha fermosa flor,
tiña como apelido Figorío.

Ela díxome que era,
especial entre as roseiras,
única no planeta.

E ben certo que era,
era encarnada, rosa e agranatada.
Que máis tiña de cor?
Ah, tamén azul e morada!

Tiña espiñas afiadas,
outras non picaban nada,
máis sempre estaba mollada.

Unha vez de pequena,
tropezou cunha pedra,
caeu nun charco e
mollouse enteira.

A partir dese día,
sempre quixo estar mollada.
aínda que fixese frío, vento e treboada.

Un día amosoulle avergoñada,
a unha rosa branca,
as súas cores apagadas
por estar sempre na auga.

Dende aquela,
nunca máis volveu mollarse
e, as súas cores
volveron ser as de antes.

Carla Manso Fraga, 1º ESO - B



HISTORIA DE PUSICLA

Esta é a historia que lle conta o avó a o seu neto.

Esta historia comeza nunha mañá de verán cando...

-Isto comezou así -dixo o avó-. Comezou unha preciosa mañá de verán na que unha rapaza chamada Paula ía andando por un sendeiro no bosque cara á casa das súas amigas Irene e Carla.

Cando chegou onda elas, as tres decidiron dar un paseo polo bosque xa que facía un precioso día para ir recoller flores. Ían camiñando e de repente oen un grito e nelas reflíctese unha luz.

Quedan completamente asombradas e camiñan cara ela e vén unha casa na que se penetran, mais o único que había nela era una flor nun floreiro que poñía "Pusicla". Os seus pétalos tiñan escritos unha serie de alimentos e no seu talo indicábase "efecto lento". As tres amigas quedaron asombradas.

De alí a un pouco, Irene, a irmá pequena de Carla, decidiu saír por margaridas. Pasaron dúas horas e Irene non daba regresado. Daquela, Paula e Carla decidiron saír a busca.

Xa levaban unha hora camiñando cando a atoparon tirada no chan, coas flores murchas na man. Collérona e levárona para casa. Deitárona lentamente e con coidado no chan.

Irene tiña como unha especie de feitizo. Entón a Carla ocorréuselle facer aquel unguento que levaba escrito Pusicla nos seus pétalos. Colleu un recipiente e botou

cebola, sangue, auga, limón, tomate, sandía, pelos de rato e un chisco de sal.

Fixéronllo tragar a Irene e despois de catro horas despertou. Grazas a Pusicla Irene salvouse daquel feitizo.

Irene e mais Carla decidiron levar a Pusicla á súa casa.

-Gustouche a historia? - dixo o avó.

-Gustoume moito, avó -respondeu o neno

-Hai algo que non sabes neno, e é que eu..., eu son Pusicla!

Natalia Veiga Rivas, 2º ESO - B



TASHI

Unha tarde de primavera, a neta de Viana quedouse a durmir con ela. Cando estaban na cama, a neta pediulle a súa avoa que lle contara un conto. Despois de moito insistirlle, Viana aceptou e comezou a falar:

"Isto foi nos meus tempos de moza. Eran principios do verán, e os meus pais dixéronme que iríamos de viaxe a África durante todas as vacacións. Inmediatamente fun facer a miña equipaxe.

"Ao día seguinte viaxariamos en avión ata alí, onde una rapaza chamada Sonia nos guiaría durante a nosa estancia. Durmíriamos en casas nas árbores. Axiña me acostumei a vivir naquela preciosa selva.

"Un día estaba paseando pola selva cando vin no chan o que ao principio pareceume unha diminuta cabeza de pato. Estrañada agacheime para observalo máis de cerca, e para a miña sorpresa era unha flor! Quedei tan abraiada pola súa beleza que tardei un bo anaco en poder reaccionar. Sen pensalo fun coller un tarro e unha pa e desenterreina con moito coidado de non facerlle o máis mínimo dano, e tróuxena á miña casa.

Máis tarde os anos foron pasando e eu encariñeime dela. Pero un bo día decidín volver a África e plantala alí de novo. Fíxeno porque eu non son ninguén para tocar algo que non é meu. "Custoume, non o nego, aínda que creo que foi o mellor que puiden facer; pero non me fun de alí sen antes poñerlle un nome que, aínda que a moito non veña o caso, a min gustoume. Así que chameina Tashi.

Cando Viana rematou, a súa neta xa durmía placidamente, así que cunha morea de recordos no seu pensamento, decidiu facer o mesmo, e cun gran sorriso apagou a luz, pechou os ollos e púxose a durmir.



CENTOPIA

Hai uns días, ía camiñando de regreso a miña casa cando, mentres atravesaba o bosque, atopei unha flor moi estraña. Así que a collín e seguín o meu camiño.

Ao chegar á miña casa ensineille a flor ao meu pai, que é un xardineiro moi experimentado, e díxome que nunca vira unha flor coma esa.

Ocorreuseme que lle podía preguntar á miña avoa, xa que a ela tamén lle fascinaba o mundo das plantas. Ela díxome que tiña un libro antigo de plantas no que aparecía esa flor. Colleu o libro e mirou o nome da mesma. Chamábase Centopia e só se atopaba no sur de África e en América do Norte, polo que era moi raro que eu atopara esa flor preto da casa. A miña avoa dixo que puido ser cando reunimos colonias en África.

Aínda non sei de onde procede e sigo investigando como puido chegar esa flor ata aquí, pero sexa como sexa penso descubriro e gardarei esta flor para sempre.

Sara Pinto Pereira, 1º ESO B

Centopia



A FLOR PICOLINA

A flor Picolina era una flor que vivía na beira dun río. A esta flor para vivir facíalle falta súa anzaida. Ela por desgracia non a tiña. Un día, pasou por alí una nena, a flor díxolle:

-Por favor, axúdame a recuperar a miña anzaida.

A nena díxolle que como ía a encontrar a súa anzaida, ela díxolle:

-Terás que resolver unha serie de adiviñas.

A nena quedou moi contenta porque lle encantaban os adiviñas, ela díxolle:



-Para a túa primeira proba terás que encontrar o anel máis grande da cidade.

Ela pensou e, ao cabo dunha hora xa estaba de volta. Alí encontrou un caldeiro e o levou onde a flor. Despois dunha serie de probas xa tiña todos os ingredientes. Despois a flor díxolle unhas coordenadas ás que tiña que ir para buscar un libro encantado. A nena emprendeu o seu camiño. Camiñou durante sete días e sete noites, no oitavo día ía camiñando de atravesar un pobo.

Cando chegou pediu a un tendeiro comida, auga e xabón para lavarse. Lavouse, comeu algo e seguiu camiñando durante trinta días, cruzou doce vilas e máis de vinte e cinco aldeas. Ao día trinta e un chegou a onde lle dixera a flor.

Era unha cova, entrou. Na entrada había un adiviña. Resolveuna, e pasou a un corredor longo, onde ao final del había outra adiviña. Nesta tivo que pensar durante dúas horas enteiras, pero ao final resolveuna. Abriuse outra porta, había unhas escaleiras, baixouna e alí había unha vitrina co libro que lle pedira a flor. Colleuno e logo de dous meses a nena chegou a onde a flor, mesturou os ingredientes como dicía no libro. Logo botoulle a mestura por enriba á flor e acto seguido ela reviviou.

A flor deulle as grazas, e a nena se marchou.



A FLOR MULTICOLOR

A miña flor é multicolor,
e ten cores a mogollón.

Atópase nos vales,
onde hai flores e rosales.


Esta flor é moi divertida,
pero ponse seria cando acabas ferida.

A flor ten una dor,
é verte triste sen razón.

Se non sabes que facer,
a flor animarache outra vez.

Acábase o día, a flor está cansada,
de modo que vai pra cama para mañá estar descansada.

Raquel Menéndez Sanjurjo, 1º ESO - B



URÍA

Isto sucedeu nunha viliña cerca de Pontedeume na que vivía unha rapaza chamada Paula. Un día, indo cara ao colexio, unha nena chamada Iria empurrouna e caeu. Paula reincorporouse non sen antes poñer outra vez en pé a flor que esmagara coa caída; era áspera e tiña unha cor estraña, como... alaranxada.

Levantouse e viu uns nenos correndo cara ao instituto... Chegaba tarde!

Entrou e viu ao seu profesor de Ciencias Naturais, o cal estaba xa a punto de tirarse pola ventá polo estrés que lle causaban os rapaces da aula. Pasaron as horas e chegou a hora do recreo e atopou a un rapaz baixo unha árbore e díxolle:

-Que fas aquí abaixo tan so?

-É que os nenos non queren que xogue con eles. Din que son estraño - dixo el coas bágoas brotando dos ollos-. A única amiga que teño é esta flor -levantou a man do campo mostrándolle unha flor.

Paula recoñeceu a flor pois era a mesma que ela esmagara no campo

-Eu chameina Uría - díxolle el mirándolle aos ollos.

-Eu atopei unha como esa! - dixo Paula.

El díxolle que so existían dúas flores desa especie. Ela, sorprendida, deuse conta de que unha a tiña el e a outra ela. Non había dúbida, o destino fixera que se atoparan e coñeceran, e ela estaba comezando a namorarse.



A VENUS CUSPIDEIRA

Era isto unha vez nunha vila de Ferrol, vivía unha Venus Cuspideira e a súa nai mandoulle que lle levara unhas medicinas a súa avoa. Cando a Venus ía pola metade do camiño atopouse có seu mellor amigo, Serafín, e decidiron ir xuntos a casa da avoa da Venus.

Cando seguiron o traxecto atopáronse co ourizo tolo que lles dixo que non pasarían por alí. Entón a Venus cuspiulle e seguiron o seu camiño. Cando xa se vía a casa da súa avoa atopouse cun coello que lle dixo que se intentaban pasar por alí os mataría pero eles pasaron igual.

O coello, despois dun forcexo con Serafín, golpeouse na cabeza cunha pedra e quedou no chan, a Venus cuspiulle e fóronse.

Cando chegaron á casa da súa avoa contáronlle todo o que lles sucedera e posteriormente entregoulle as medicinas. O coello volveu e intentou atacalos pero cando estaba atacando á Venus a avoa avisou ao cazador que lle pegou un tiro ao coello e matouno.

Despois desta aventura, a avoa invitounos a larpeiradas por que foran moi valentes

Dende ese día, a Venus tenlles medo aos coellos, por que pensan que todos son iguais.



ÍNDICE

Historia de cinco días	Paula Cobo Menéndez, 2º ESO - A
A arsenia	Santiago Vázquez Martínez, 1º ESO - A
O alcador	Martín Otero ferreira, 1º ESO - A
As flores do meu xardín	Natalia Silva Fernández, 1º ESO - A
Figorío	Carla Manso Fraga, 1º ESO - B
Historia de Pusicla	Natalia Veiga Rivas, 2º ESO - B
Tashi	Carme Bañobre Torres, 1º ESO - B
Centopia	Sara Pinto Pereira, 1º ESO B
A flor picolina	Ernesto Fernández Armada, 1º ESO - B
A flor multicolor	Raquel Menéndez Sanjurjo, 1º ESO - B
Uría	Laura Martínez Urtiaga, 1º ESO - B
A Venus cuspiderira	Pablo Fernández Fortuna, 1º ESO - B
Lucía Rey Serantes e Ana Dopico Orjales (2º A - ESO)	